



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE POLA QUE SE MODIFICA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2017-IPPC-132-338

Instalación: Centro de tratamento de residuos	Procedemento: modificación non substancial da autorización ambiental integrada
Titulares: Recuperaciones Ecolex, SLU e PreZero Gestión de Residuos, SA y Recuperaciones Ecolex, SLU UTE	Nº Rexistro AAI: 2017-IPPC-132-338
Localización: concello de Padrón (A Coruña)	Expediente: 2023-IPPC-M-86

ANTECEDENTES

- 1 Recuperaciones Ecolex, SLU xunto con PreZero Gestión de Residuos, SA y Recuperaciones Ecolex, SLU UTE son titulares dun centro de tratamento de residuos localizado no Parque empresarial de Pazos, concello de Padrón (A Coruña), que dispón de autorización ambiental integrada (en diante AAI) co número de rexistro número 2017-IPPC-132-338, desde o 22.09.2020.
- 2 O 02.08.2023 Recuperaciones Ecolex, SLU comunicou, de conformidade co disposto no artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, a súa intención de executar unha modificación na dita instalación que cualifica e xustifica como non substancial.

A referida modificación ten por obxecto un incremento da capacidade de xestión dos seus procesos de xestión de residuos, unha ampliación da listaxe de códigos LER de residuos admisibles nalgunha das actividades de xestión que desenvolve na actualidade e a redistribución das operacións de valorización e almacenamento nas naves do centro mediante unha ampliación da superficie da instalación coa incorporación de dúas novas naves.
- 3 O 06.06.2024 e o 11.11.2024 a empresa presenta documentación adicional en resposta ao requirido por esta dirección xeral.
- 4 O 24.02.2025 deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes no prazo establecido, de conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O titular accedeu a esta notificación o mesmo día 24.02.2025.
- 5 O 03.03.2025 o titular presenta un escrito no que realiza unha serie de observacións referentes a erros de redacción e de transposición de planos contidos nos anexos. Estímase as ditas observacións e recóllense na resolución.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1 A instalación está incluída no anexo I, categorías 5.6 e 5.1.c) e d), do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.
- 2 O artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, recolle a posibilidade de modificación da autorización ambiental integrada como consecuencia dunha modificación non substancial da instalación.
- 3 O artigo 33 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular dispón a autorización administrativa previa, por parte do órgano autonómico competente en materia do ambiente, para ampliar instalacións fixas nas que se vaian realizar operacións de tratamento de residuos.
- 4 O artigo 33.9 da citada Lei 7/2022 tamén establece que a autorización prevista no apartado 1 para as instalacións de tratamento de residuos quedará incorporada na autorización ambiental integrada concedida conforme ao Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados de contaminación, e incluírá os requisitos recollidos neste artigo tal e como establece o artigo 22.1.g) do citado texto refundido.
- 5 A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia establece as obrigas dos suxeitos produtores, posuidores iniciais e xestores de residuos, entre outros aspectos.
- 6 A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos conforme ao establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101 do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238 do 11.12.2024).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, con base nas súas competencias e vista a proposta da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, RESOLVE:

1. Ampliar os códigos LER incluídos nas inscricións SC-RP-IPPC-XV-00041, SC-RP-IPPC-XV-00042 e SC-I-IPPC-XV-00093 do Rexistro de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, conforme se reflicte no apartado 4.8 desta resolución.
2. Substituír na AAI o apartado 1. *Datos administrativos*, de forma que o seu contido queda como se recolle a continuación:





1. DATOS ADMINISTRATIVOS

1.1 Datos dos titulares

Razón social: RECUPERACIONES ECOLEX S.L.U.		
NIF: B70023510		
Enderezo: Parque Empresarial de Pazos, parcela 69		
Provincia: A Coruña	Concello: Padrón	Código postal: 15917

Razón social: PREZERO GESTIÓN DE RESIDUOS S.A. Y RECUPERACIONES ECOLEX S.L.U. U.T.E. (UTE PREZERO ECOLEX)		
NIF: U05492244		
Enderezo: Parque Empresarial de Pazos, parcela 70		
Provincia: A Coruña	Concello: Padrón	Código postal: 15917

1.2 Datos da instalación

Denominación da instalación: Centro de tratamento de residuos							
Actividade principal: xestión de residuos perigosos e non perigosos mediante operacións de almacenamento, reenvasado e outras operacións de tratamento (tritución, lavado. electrólise, fundición esterilización)							
Enderezo: Parque Empresarial de Pazos, parcelas 68, 69, 70 e 74							
Provincia: A Coruña		Concello: Padrón		Código postal: 15917			
UTM X (m): 528056		UTM Y (m): 4734250		Fuso: 29		Datum ETRS 89	
Referencias catastrais: 15066A501006090001ZY (parcela 68), 15066A501006100000BP (parcela 69), 15066A501006110001ZB (parcela 70) e 15066A501005970001ZX (parcela 74)							
Superficie total das parcelas (m²): 9.030 m²				Superficie construída das catro naves (m²): 4.766 m²			
Vertedura de augas residuais: si (augas fecais e augas residuais pluviais)				Xestor da rede de saneamento: Concello de Padrón			
Sistema de xestión medioambiental: ISO 14001:2015							
NIMA (número de identificación medioambiental)				1500023580 vencellado a RECUPERACIONES ECOLEX SLU 1500114921 vencellado a UTE PREZERO ECOLEX			

1.3 Categorías e rexistros da instalación/actividade

CNAE (principal): 38.12 – Recollida de residuos perigosos	
Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categoría: 5.1.c), 5.1.d) e 5.6
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categoría: 5.1.c), 5.1.d) e 5.5
Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental	Proxecto non afectado





Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	Código E-PRTR: 10836
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Actividade afectada
Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Presentado
Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Establecemento non afectado
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades	Actividade non incluída
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Actividade afectada: prioridade 3
Autorización de xestor de residuos perigosos para RECUPERACIONES ECOLEX SLU	SC-RP-IPPC-XV-00041, SC-RP-IPPC-XV-00042, SC-RP-IPPC-XV-00043 e SC-RP-IPPC-XA-00023
Autorización de xestor de residuos perigosos para PREZERO GESTIÓN DE RESIDUOS S.A. Y RECUPERACIONES ECOLEX S.L.U. U.T.E.	SC-RP-IPPC-XE-00010 e SC-RP-IPPC-XA-00025
Autorización de xestor de residuos non perigosos para RECUPERACIONES ECOLEX SLU	SC-I-IPPC-XV-00092, SC-I-IPPC-XV-00093 e SC-I-IPPC-XV-00094
Autorización de xestor de residuos non perigosos para PREZERO GESTIÓN DE RESIDUOS S.A. Y RECUPERACIONES ECOLEX S.L.U. U.T.E.	SC-I-IPPC-XE-00022

4 Seguros e garantías financeiras

a. Seguros de responsabilidade civil medioambiental		Núm. Póliza: DC R11 0000331 ⁽¹⁾ Contía: 600.000 €
		Núm. Póliza: ESENV 242002 ⁽²⁾ Contía: 300.000 €
b. Fianzas		
Actividade	Núm. rex.	Contía (€)
SC-I-IPPC-XV-00092, SC-I-IPPC-XV-00093 e SC-I-IPPC-XV-00094 Xestor de valorización de residuos non perigosos (R12, R1201 e R5) (Capacidade normal total:596 t/a)	2015/3353 ⁽¹⁾	10.000,00 €
	2020/1244 ⁽¹⁾	4.839,00 € complementaria 14.839,00 € completa
SC-RP-IPPC-XV-00041, SC-RP-IPPC-XV-00042 e SC-RP-IPPC-XV-00043 Xestor de valorización de residuos perigosos (R12, R1201 e R5) (Capacidade normal total: 2550 t/a)	2015/3352 ⁽¹⁾	15.000,00 €
	2020/1242 ⁽¹⁾	27.149,00 € complementaria 42.149,00 € completa





SC-I-IPPC-XE-00022 Xestor de eliminación de residuos non perigosos (D9) (Capacidade normal total:400 t/a)	2214/2021 ⁽²⁾	9.993,50 €
	2217/2021 ⁽²⁾	9.993,50 €
		19.987,00 € completa
SC-RP-IPPC-XE-00010 Xestor de eliminación de residuos perigosos (D9) (Capacidade normal total:2.700 t/a)	2234/2021 ⁽²⁾	31.403,00 €
	2235/2021 ⁽²⁾	31.403,00 €
		62.806,00 € completa
SC-RP-IPPC-XA-00023 Xestor de almacenamento de residuos perigosos (R1302) (Capacidade normal: 250 t/a)	2015/3351 ⁽¹⁾	15.000,00 €
	---	15.000 € completa
		0,00 € complementaria
SC-RP-IPPC-XA-00025 Xestor de almacenamento de residuos perigosos (D15) (Capacidade normal total:330 t/a)	2215/2021 ⁽²⁾	7.685,00 €
	2216/2021 ⁽²⁾	7.685,00 €
		15.370,00 € completa
⁽¹⁾ Contratada ou constituídas por RECUPERACIONES ECOLEX SLU		
⁽²⁾ Contratada ou constituídas por PREZERO GESTIÓN DE RESIDUOS S.A. Y RECUPERACIONES ECOLEX S.L.U. U.T.E.		

3. Substituír na AAI o apartado 3. *Descrición da instalación*, de forma que queda redactado como se recolle a continuación:

3. DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN

Un dos obxectivos desta modificación da AAI consiste na posta en servizo de dúas novas naves (situadas nas parcelas 68 e 74) a maiores das dúas xa existentes (situadas nas parcelas 69 e 70), que leva aparellado unha redistribución dos espazos destinados aos procesos de valorización e almacenamento de residuos. Inclúese a substitución do equipo autocompactor por unha prensa de balas horizontal e a incorporación dunha prensa vertical de balas de materiais de embalaxe

As soleiras das novas naves, así como as das naves existentes, conforman senllos cubetos de retención dotados de pendentes, recollidas perimetrais de líquidos e condución ás arquetas cegas de seguridade.

A situación das parcelas no Parque Empresarial de Pazos, así como a redistribución de espazos en cada unha delas, reflíctense graficamente nos anexos 1 a 5, nos que tamén se representan os códigos de zona referidos no seguinte epígrafe.

3.1. Redistribución dos procesos nas naves do centro

Con esta redistribución non se realiza ningunha variación nos procesos de valorización e almacenamento autorizados, senón que unicamente cambia a súa situación espacial.

Con estes cambios:

- Amplíanse as zonas de manipulación de residuos.
- Agrúpanse na nova nave 68 os espazos de entrada e saída de residuos.
- Créase unha nova zona de recepción para as recollidas "capilares".





Os cambios que se realizan son:

1. Trasládanse os tres grupos de estantes "drive-in" de almacenamento da nave 69 á nave 68. Antes usábanse para almacenar RP, RNP e envases novos. Agora distribúense do seguinte xeito: zonas(7B) e (9) para os RP da actividade R12, zona (8) para envases novos e zona (10) para RNP de R12. Destínanse 14 liñas á expedición de RP (unha máis que antes) xa procesados e 2 liñas para RNP tamén procesados.
2. Redefínense as zonas de manipulación (9) separando por operatividade e seguridade tres zonas: zona de transvase de líquidos, zona de manipulación de sólidos e zona de manipulación de pequeno envase. Todas estas zonas disporán de estantes para almacenamento de produtos en proceso.
3. Cámbiase o equipo de compactación do LER 150102, substituíndo o autocompactor que había por unha prensa de balas horizontal estática, mellorando a eficiencia no transporte. As 7 t que se almacenaban no autocompactor, agora almacénanse como balas sobre palet nos estantes "drive in", na liña que se gana coa agrupación destes.
4. Incorpórase unha prensa vertical para facer balas de materiais de embalaxe (cartón, plástico, film) (zona 46).
5. Concéntranse as operacións mecánicas no patio cuberto da nave 69. Para iso desprazouse o espazo de almacenamento de material valorizado (zona 13) para un dos espazos liberados polos estantes na nave 69 e un espazo marcado no fondo da nave 68.
6. Na zona anterior do patio créase un novo espazo que serve de "buffer" de alimentación aos equipos de compactación e trituración, marcado como zona (4), residuos en proceso.
7. Trasládase á nave 68 a zona de recepción (17), ampliada. Tódolos residuos descargados no novo peirao de descarga ocuparán algunha das 9 liñas de descarga en espera de identificación, pesado e aceptación.
8. Trasládanse tamén á nave 68 o almacenamento de RAEE (6) da actividade R13 e o almacenamento de RAEE (49) da actividade R12.
9. A zona na que se almacenaban os RAEE na nave 69 destínase para a recepción das recollidas "capilares" (grande variedade de residuos en pequenas cantidades), con varios contedores para agrupar os diferentes tipos de residuos.
10. Para o almacenamento de envase vacío para subministrar ao cliente (8), ademais da zona xa existente na nave 69, na que se manteñen os envases de pequeno formato que se subministran nas recollidas capilares, habílanse dúas novas zonas na nave 68, cada unha dedicada a tipos diferentes de envases (contedores para recollida e almacén dos propios RAEE, por un lado, e bidóns por outro). Mantense na nave 70 o espazo para recepción, clasificación e almacenamento de GRG retornables.
11. Ampliase a superficie ocupada pola actividade da liña 8 (residuos sanitarios) para o almacenamento do produto da trituración, para o almacenamento dos residuos da operación D15 (citotóxicos e residuos biocontaminados con destino a incineración) e para o almacenamento de envases novos para o cliente. Estas tres zonas sitúanse na nova nave 74 identificadas como (41), (42) y (43).





12 Habílitase unha zona de almacenamento de RNP na parcela 74, a modo de punto limpo de residuos segregados pola actividade (cartón, madeira, plásticos...), identificada como zona (10).

3.2. Descrición dos procesos

Segundo os tipos de residuos e procesos de tratamento que se lles aplica, distínguense as seguintes liñas de produción:

- Liña 1: valorización mediante triturado e lavado de películas e placas radiográficas.
- Liña 2: valorización mediante electrólise (solucións de fixado e solucións de branqueo) e evaporación (solucións de revelado).
- Liña 3: valorización mediante triturado e lavado de envases de clientes e producidos na planta.
- Liña 4: valorización de residuos envasados clasificados como RP e RNP provenientes de clientes.
- Liña 5: almacén de fluorescentes de orixe externo á planta.
- Liña 6: fundición mediante fornos de escamas electrolíticas, varreduras e metal aliado.
- Liña 7: tratamento de residuos sanitarios non perigosos de clase II (códigos LER 18 01 01 e 18 02 01), e de residuos sanitarios perigosos de clase III (códigos LER 18 01 03* e 18 02 02*) mediante esterilización, lavado de envases y trituración de estes residuos.
- Liña 8: almacenamento previo á eliminación de residuos sanitarios perigosos de clase III (códigos LER 18 01 03* e 18 02 02*), e clase IV (códigos LER 18 02 07* e 18 01 08*).

3.2.1. Liña 1 - Valorización de residuos sólidos mediante triturado e lavado

Os residuos que se someten a esta liña de tratamento son materiais termoplásticos, principalmente películas fotográficas, placas de radioloxía e fotolitos de imprentas.

Unha vez realizada a súa recepción, control e caracterización, almacénanse temporalmente en gaiolas metálicas, desde onde se trasladan mediante cinta transportadora a un muíño triturador. O residuo triturado pasa a través de seis cubas consecutivas para o seu lavado e inertización.

O lavado realízase mediante auga destilada proveniente da evaporación que se aporta ao proceso, ou mediante baño electrolítico. A auga de escorrega pasa en circuito pechado ao depósito de alimentación do evaporatorio da liña de proceso 2, non existindo de vertido.

O residuo valorizado almacénase temporalmente en envases tipo big-bags ata a súa expedición con destino a reciclaxe.

3.2.2. Liña 2 - Valorización de residuos líquidos mediante electrólise e evaporación

- Electrólise: por este procedemento trátanse principalmente líquidos fotográficos usados (solucións de fixado e de branqueo), así como tamén baño electrolítico proveniente da liña do proceso correspondente.





Logo da súa recepción, os residuos recibidos en bidóns trasvásanse a contedores herméticos estancos en espera de tratamento. Os bidóns baleiros son trasladados á liña de proceso 3.

Este tratamento realízase nunha cuba electrolítica e consiste na aplicación dunha corrente eléctrica en dous cilindros de aceiro inoxidable (ánodo e cátodo), acadando unha deposición do metal da solución no cátodo, producindo ao final do proceso un líquido aproveitable de novo (baño electrolítico) e un líquido libre de metais (baño esgotado), que se almacenará, á saída da máquina, en contedores de 1.000 l.

O metal resultante do proceso de electrólise son escamas electrolíticas que son almacenadas ata o momento do seu envío a proceso externo para a obtención do metal fino ou a proceso interno na nova liña de fundición da propia instalación.

- Evaporación: por este procedemento trátanse líquidos fotográficos usados (solucións de revelado e de revelado de placas), así como tamén os líquidos procedentes do tanque común dos recuperadores electrolíticos ou baño esgotado obtido durante a electrólise.

Logo da súa recepción, os residuos recibidos en bidóns trasvásanse a depósitos de dobre parede de 5.000 l de capacidade, en espera de tratamento. Os bidóns baleiros son trasladados á liña de proceso 3.

O líquido almacenado nos depósitos de 5.000 l condúcese a un evaporatorio de secado ao baleiro no que a auga da solución vaise evaporando por un quentamento leve a uns 40°C e un gran baleiro de aproximadamente 10 mm de Hg, obténdose a final de liña auga destilada e unha solución de revelado concentrada que se almacena en contedores herméticos estancos ata a súa entrega a xestor autorizado.

A auga destilada almacénase nun depósito de dobre parede, reutilizándose despois na liña de proceso 1 para o lavado de material triturado.

3.2.3. Liña 3 - Valorización de envases

Todos os envases recibidos nesta liña, xa sexan procedentes de clientes ou producidos nas propias instalacións, sométense a unha clasificación na que se separan aqueles susceptibles de ser reutilizados que serán enviados a clientes para os que os seus residuos cumpran coas características de almacenaxe do envase a reutilizar.

Os envases non reutilizables tritúranse nunha desgarradora de envases de polietileno, obtendo unha valorización mediante a redución dos seus tamaños. O polietileno triturado resultante sufrirá unha nova clasificación co obxecto de distinguir o plástico sucio non susceptible de ser recuperado, que se enviará a xestor externo para o seu correcto tratamento, do susceptible de enviar a lavado para un maior aproveitamento que se almacenará á espera da súa venda a empresas de reciclaxe de plásticos.

A instalación disporá dun túnel de lavado consistente nun sistema automático modular equipado cunha cinta transportadora pola que circularán os envases. A auga de lavado quentarase mediante unha caldeira auxiliar de gasóleo, e funcionará en recirculación, que será reemplazada periodicamente. A auga esgotada será almacenada en depósitos móbiles para o seu envío a xestor autorizado.





3.2.4. Liña 4 – Valorización de RP e RNP

Tras o proceso de recepción e descarga dos residuos, realízanse as operacións de segregación, agrupación, reenvasado e almacenamento en recipientes móbiles con capacidades de entre 60 a 1.000 l.

Unha vez caracterizados os residuos envasados, procederase a realizar unha das operacións seguintes de reacondicionado:

- Reenvasado: consistente no transvasamento dos residuos do envase de orixe a un de maiores dimensións.
- Mestura: de aplicación a aqueles residuos que sexan susceptibles de aplicárselles esta operación, ben sexa polas súas características ou natureza.
- Clasificación: operación adicada expresamente ao ordenamento dos residuos líquidos dentro da planta.
- Compactación: operación para a redución do volume dos recipientes e envases nos que se reciben os residuos.

Todas as operacións descritas para esta liña teñen o seu fin de proceso no almacenamento, xa sexa en estantes ou no propio autocompactor no caso de aqueles envases susceptibles de compactación, á espera do seu envío a xestor autorizado, se ben os envases baleiros producidos como resultado do reenvasado e a mestura, enviaranse á liña 3 de valorización de envases para o seu aproveitamento.

O desenvolvemento destas operacións realízase sobre soleira dotada de recubrimento epoxi e dun sistema de drenaxe composto de canles de recollida nos laterais da nave, conectados con arqueta estanca.

3.2.5. Liña 5 – Almacén de RP

Esta liña basease unicamente no almacenamento temporal dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs) correspondentes cos códigos LER 160213*-21*, 200121*-31* e 200135*-21*, mediante estantes lineais, á espera do seu envío a xestión externa.

3.2.6. Liña 6 – Fundición

Consiste na fundición de diferentes produtos obtidos noutras liñas de procesos ou aportados por clientes, co obxecto de obter finalmente, os seguintes tipos de metal recuperado:

- Metal fino recuperado: produto final obtido tras o proceso de fundición.
- Metal sen afinar: produto resultante da fundición que contén impurezas.
- Escouras formadas polas impurezas que flotan no crisol dos fornos de fundición.

Para a alimentación dos fornos de fundición úsanse as seguintes fontes de entrada de materiais para os fornos:

- Escamas electrolíticas procedentes da liña 2 desta instalación.
- Metal aliado e varreduras, procedentes de outras empresas.





Dispónse dun total de 6 fornos, dos que un terá como finalidade o secado previo das escamas electrolíticas antes da súa entrada á fundición, e os demais fornos, de diferentes características, empréganse segundo estas, para o tipo de fundición que se queira realizar.

Os fornos están equipados con varios queimadores de fundición alimentados por medio de gasóleo e un queimador de propano para o forno estático. Dispónse dun sistema de extracción de fumes, composto por un sistema de campás de aspiración, un ventilador xeral, un filtro de mangas e unha cheminea de saída.

Asociados a esta liña, dispónse dun local para realizar o proceso de tamizado e moenda e outro destinado a laboratorio no que se realizará un seguimento do proceso e dos seus resultados.

3.2.7. Liña 7 - Tratamento de residuos sanitarios clase III e clase IIa cortantes e punzantes

O tratamento destes residuos farase conforme ao Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, que esixe un tratamento de esterilización para residuos sanitarios clase III e clase IIa que sexan obxectos cortantes e punzantes (códigos de RNP LER 18 01 01 e 18 02 01; códigos de RP LER 18 01 03* e 18 02 02*).

Estes residuos serán sometidos a distintos procesos dependendo de se o envase que os contén é reutilizable ou non. Detállanse a continuación os tratamentos propostos:

- Envases reutilizables:

Estes envases levan no seu interior unha bolsa de galga 200 con autopeche, que impide que o residuo entre en contacto coas súas paredes interiores. Proponse para estes envases o baleirado dos residuos en condicións de seguridade e a súa posterior limpeza para poder introducilos de novo no mercado como produto de segundo uso. Doutra banda, para os residuos neles contidos proponse un tratamento de esterilización tal e como esixe o Decreto 38/2015.

Os envases, cos residuos no seu interior, transportaranse desde a cámara frigorífica ata a zona do seu tratamento, onde son recollidos polo robot de baleirado, que os abrirá e baleirá do seu contido nunhas vagonetas dispostas para tal fin. Os envases baleiros son depositados polo robot no túnel de lavado con desinfectante e , rematado este proceso, trasládanse ao almacén de envases limpos, en espera da súa reutilización.

Os residuos baleirados dos envases incorporaranse ao proceso de tratamento dos envases non reutilizables, que se describe a continuación.

- Envases non reutilizables:

Estes envases, xunto cos residuos neles almacenados e os residuos procedentes dos envases reutilizables, transpórtanse en vagonetas que son introducidas directamente no interior do autoclave, onde se someten a un proceso de esterilización, cos requisitos establecidos no Decreto 38/2015 para residuos sanitarios de Clase III

Para cada ciclo de esterilización rexístrase a información dos parámetros do proceso (presión, temperatura, tempo de duración), xunto coa data en que se realizou.





Con periodicidade trimestral realizarase unha análise microbiolóxica co fin de comprobar que se cumpren as condicións de esterilización en toda a masa de residuos, utilizando o *Bacillus stearothermophilus* para esta proba.

Os residuos esterilizados nas condicións establecidas no Decreto 38/2015, terán xa o carácter de residuos non perigosos, e poderanse xestionar como tal.

Deste xeito, os ditos residuos esterilizados trasládanse nunha vagoneta ao muíño triturador e o material triturado recóllese e transpórtase nun parafuso sen-fin, no que se levará a cabo unha separación entre a fase sólida e a fase acuosa do residuo. A fase líquida almacenarase no depósito de augas sucias, ata o seu traslado a xestor externo e a fase sólida descárgase no auto- compactador, onde se prensa para almacenalo ata o seu envío a xestor autorizado.

3.2.8. Liña 8 - Liña 8: almacenamento previo á eliminación de residuos sanitarios perigosos de clase III e clase IV

Os residuos sanitarios de Clase III (códigos LER 18 01 03* e 18 02 02*), e Clase IV (códigos LER 18 02 07* e 18 01 08*), estarán sometidos á operación de xestión D15 (almacenamento previo a calquera das operacións enumeradas entre D1 e D14, con exclusión do almacenamento temporal previo á recollida no lugar de produción).

Estes residuos almacenaranse na cámara frigorífica por un período inferior ao máximo establecido na lexislación, é dicir, durante un máximo de 6 meses por tratarse de residuos perigosos. Finalmente, enviaranse a un xestor autorizado.

3.3. Capacidade de produción

Como consecuencia da ampliación da superficie das instalacións con dúas novas naves derívase tamén un aumento na capacidade normal de tratamento nalgunhas das actividades de xestión, sen superar a capacidade máxima de tratamento xa autorizada.

Os aumentos das capacidades normais de tratamento son os seguintes:

- SC-RP-IPPC-XV-00041: de 1400 a 2000 t/ano
- SC-RP-IPPC-XV-00042: de 250 a 300 t/ano
- SC-I-IPPC-XV-00092: de 100 a 148 t/ano
- SC-I-IPPC-XV-00093: de 250 a 300 t/ano
- SC-I-IPPC-XV-00094: de 100 a 148 t/ano

Así, as capacidades de tratamento das diferentes operacións de xestión de residuos pasan a ser as seguintes:

Actividade	Inscripción	Tipo de residuo	Capacidade normal de tratamento (t/ano)	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)
Almacenamento de residuos (R13)	SC-RP-IPPC XA-00023	RP	250,00	27,00 t (*)





Actividade	Inscripción	Tipo de residuo	Capacidade normal de tratamento (t/ano)	Capacidade máxima de tratamento (t/ano)
Almacenamento de residuos (D15)	SC-RP-IPPC XA-00025	RP	330,00	550,00 26,80 t(*)
Valorización mediante clasificación e compactado (R12)	SC-RP-IPPC-XV-00041	RP	2000,00	2000,00
Valorización mediante a clasificación, separación e agrupamento de RAEE (R1201)	SC-RP-IPPC-XV-00042	RAEE RP	300,00	300,00
Valorización mediante o tratamento de residuos a través de electrólise para depositar metais das solucións e de evaporación para a concentración das solucións químicas (R5)	SC-RP-IPPC-XV-00043	RP	250,00	250,00
Valorización mediante clasificación e compactado (R12)	SC-I-IPPC-XV-00092	RNP	148,00	150,00
Valorización mediante a clasificación, separación e agrupamento de RAEE (R1201)	SC-I-IPPC-XV-00093	RAEE RNP	300,00	300,00
Valorización mediante o tratamento de residuos a través da fundición de metais non férreos (R5)	SC-I-IPPC-XV-00094	RNP	148,00	250,00
Tratamento de residuos sanitarios clase II (clase IIa cortantes e punzantes) (D9)	SC-I-IPPC-XE-00022	RNP	400,00	600,00
Tratamento de residuos sanitarios clase III (D9)	SC-RP-IPPC-XE-00010	RP	2.700,00	3.300,00
(*) Capacidade máxima de almacenamento puntual en toneladas				

3.4. Consumos

Como consecuencia da actual modificación non se producen incrementos dos consumos estimados de enerxía eléctrica e gasóleo B e estímase un incremento de 8,5 m³/ano de auga, debido aos aseos e vestiarios das novas naves, pasando a ser:





Materia auxiliar	Cantidade anual (ud)	Estado (Sólido/Líquido/Gas)	Etapas de entrada ao proceso
Enerxía eléctrica	186,0 MWh	---	Alimentación maquinaria/Oficinas
Gasóleo B	43,00 m ³	Líquido	Alimentación maquinaria
Gasóleo A		Líquido	Alimentación vehículos
Auga	448,50 m ³	Líquido	Oficinas, laboratorio e sanitarios

3.5. Almacenamento de materias primas e produtos

Como consecuencia da redistribución de espazos das actividades de xestión, o almacenamento de materias primas e produtos queda do seguinte xeito:

Depósito	Zona instalación	Código zona	Residuos	Cantidade máxima (t)
Almacén de residuos perigosos (RP)	RAEE Nave 68	6	RAEE R13	27
	RAEE Nave 68	49	RAEE R12	40
	Nave 68	7	RP R12	160
	Nave 68	13	RP R12	21
	Nave 69	13	RP R12	7
	Cámara Nave 70	23	RP D15	26,8
	Total			281,8
Depósito de Gasóleo	Corredor entre naves 69-70	18	Gasóleo B alimentación fundición	1275
Depósito de Gasóleo	Nave 70	18	Gasóleo B alimentación caldeira	2550
Depósitos de almacenamento	Corredor entre naves 69-70	2	Líquido espera tratamento	4 x 5 m ³ (aprox 20 T)
Depósito de augas de proceso	Nave 70	32	Augas sucias de proceso en espera de envío a xestor	28 m ³
Almacén de envases novos	Destinaranse catro zonas: unha zona na nave 70 (fondo sur), outra zona na nave 68, unha menor na nave 69 xunto á entrada (Código zona: 8) e outra na nave 74 (Código zona 43)			
Almacén de material valorizado	Os residuos sanitarios xestionados almacénanse no autocompactador en condicións estancas ou na nave 74, (código zona 41) hasta o seu envío a xestor autorizado			





3.5. Fluxogramas dos procesos presentes na instalación

Nos anexos 6 a 13 aparecen recollidos os fluxogramas das distintas operacións de xestión de residuos que se realizan nas instalacións.

4. Substituír na AAI o epígrafe *4.8. Producción e xestión de residuos*, de forma que queda redactado como se recolle a continuación:

4.8. Producción e xestión de residuos

4.8.1. Xestión de residuos perigosos e non perigosos mediante clasificación e compactado (R12)

4.8.1.1 – Residuos perigosos

A actividade que abrangue a inscrición núm. SC-RP-IPPC-XV-00041 no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia como xestor de residuos perigosos para a valorización mediante clasificación e compactado, autorízase coas características, residuos e condicionantes que se establecen a continuación:

Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo):	R12 - Intercambio de residuos para sometelos a calquera das operacións enumeradas entre R 1 e R 11
Actividade de xestión:	Valorización de residuos perigosos mediante clasificación e compactado
Descrición do proceso:	Clasificación, re-embasado e mestura previa ao envío a xestor autorizado, e compactación de absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras contaminadas por substancias perigosas.
Capacidade máxima de tratamento:	2000 t/ano
Capacidade normal de tratamento:	2000 t/ano

LER	Descrición
010505*	Lodos e residuos de perforacións que conteñen hidrocarburos (<u>Lodos e outros residuos de perforacións</u>)
020108*	Residuos agroquímicos que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca</u>)
030104*	Serraduras, labras, retringos, madeira, taboleiros de partículas e chapas que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da transformación da madeira e da produción de taboleiros e mobles</u>)
030201*	Conservantes da madeira orgánicos non haloxenados (<u>Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</u>)
030202*	Conservantes da madeira organoclorados (<u>Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</u>) (1)
030203*	Conservantes da madeira organometálicos (<u>Residuos dos tratamentos de conservación da madeira</u>) (1)





LER	Descrición
030204*	Conservantes da madeira inorgánicos (Residuos dos tratamentos de conservación da madeira) (1)
030205*	Outros conservantes da madeira que conteñen substancias perigosas (Residuos dos tratamentos de conservación da madeira)
040103*	Residuos de desengraxamento que conteñen disolventes sen fase líquida (Residuos das industrias do coiro e ds pel) (1)
040214*	Residuos do acabado que conteñen disolventes orgánicos (Residuos da industria téxtil)
040216*	Colorantes e pigmentos que conteñen substancias perigosas (Residuos da industria téxtil)
060101*	Ácido sulfúrico e ácido sulfuroso (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos)
060102*	Ácido clorhídrico (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos)
060103*	Ácido fluorhídrico (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos)
060104*	Ácido fosfórico e ácido fosforoso (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos)
060105*	Ácido nítrico e ácido nítrico (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos)
060106*	Outros ácidos (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos)
060201*	Hidróxido cálcico (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases) (1)
060203*	Hidróxido amónico (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases) (1)
060204*	Hidróxido potásico e hidróxido sódico (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases) (1)
060205*	Outras bases (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de bases)
060313*	Sales sólidas e solucións que conteñen metais pesados (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos) (1)
060404*	Residuos que conteñen mercurio (Residuos que conteñen metais distintos dos mencionados no subcapítulo 06 03)
060405*	Residuos que conteñen outros metais pesados (Residuos que conteñen metais distintos dos mencionados no subcapítulo 06 03)
061301*	Produtos fitosanitarios inorgánicos, conservantes da madeira e outros biocidas (Residuos de procesos químicos inorgánicos non especificados noutra categoría)
061302*	Carbón activo usado (excepto o código 06 07 02) (Residuos de procesos químicos inorgánicos non especificados noutra categoría)
070101*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base)
070103*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base)
070104*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base)
070107*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base)
070108*	Outros residuos de reacción e de destilación (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base)
070111*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas (Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base)
070208*	Outros residuos de reacción e de destilación (Residuos da FFDU de plásticos, caucho sintético e fibras artificiais)
070301*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos Residuos da FFDU de colorantes e pigmentos orgánicos (excepto os do subcapítulo 06 11)
070303*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados (Residuos da FFDU de





LER	Descrición
	<u>colorantes e pigmentos orgánicos (excepto os do subcapítulo 06 11))</u>
070304*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos (<u>Residuos da FFDU de colorantes e pigmentos orgánicos (excepto os do subcapítulo 06 11))</u>)
070401*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070403*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070404*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070407*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070408*	Outros residuos de reacción e de destilación (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070409*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070410*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070411*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070413*	Residuos sólidos que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de produtos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas)</u>)
070501*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070503*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070504*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070507*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070508*	Outros residuos de reacción e de destilación (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070509*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070510*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070511*	Lodos de tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070513*	Residuos sólidos que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de produtos farmacéuticos)</u>)
070601*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos (<u>Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos)</u>)
070603*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados (<u>Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos)</u>)
070604*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos (<u>Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos)</u>)
070607*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados (Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos) (1)
070608*	Outros residuos de reacción e de destilación (<u>Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos)</u>)





LER	Descrición
070701*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos (<u>Residuos da FFDU de produtos químicos resultantes da química fina e produtos químicos non especificados noutra categoría</u>)
070703*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados (<u>Residuos da FFDU de produtos químicos resultantes da química fina e produtos químicos non especificados noutra categoría</u>)
070704*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos (<u>Residuos da FFDU de produtos químicos resultantes da química fina e produtos químicos non especificados noutra categoría</u>)
080111*	Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz</u>)
080113*	Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz</u>)
080115*	Lodos acuosos que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz</u>)
080117*	Residuos da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz</u>)
080119*	Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz</u>)
080121*	Residuos de decapantes ou desvernizadores (<u>Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz</u>)
080312*	Residuos de tintas que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de tintas de impresión</u>)
080314*	Lodos de tinta que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de tintas de impresión</u>)
080316*	Residuos de solucións corrosivas (<u>Residuos da FFDU de tintas de impresión</u>)
080317*	Residuos de tónér de impresión que conteñen substancias perigosa (<u>Residuos da FFDU de tintas de impresión</u>)
080409*	Residuos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización)</u>)
080411*	Lodos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización)</u>)
080413*	Lodos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización)</u>)
080415*	Residuos líquidos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas (<u>Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización)</u>)
080501*	Isocianatos residuais (<u>Residuos non especificados noutra parte do capítulo 08</u>)
090103*	Solucións de revelado con disolventes (<u>Residuos da industria fotográfica</u>)
090106*	Residuos que conteñen prata procedentes do tratamento in situ de residuos fotográficos (<u>Residuos da industria fotográfica</u>)
100104*	Cinzas voantes e po de caldeira de hidrocarburos (<u>Residuos de centrais eléctricas e outras instalacións de combustión (excepto os do capítulo 19)</u>)
100118*	Residuos, procedentes da depuración de gases, que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos de centrais eléctricas e outras instalacións de combustión (excepto os do capítulo 19)</u>)
110105*	Ácidos de decapaxe (<u>Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización)</u>)
110106*	Ácidos no especificados noutra categoría (<u>Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización)</u>)
110107*	Bases de decapaxe (<u>Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización)</u>)





LER	Descrición
110108*	Lodos de fosfatación (<u>Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización)</u>)
110109*	Lodos e tortas de filtración que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización)</u>)
110111*	Líquidos acuosos de enxaugadura que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización)</u>)
110198*	Outros residuos que conteñen substancias perigosas (Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais (por exemplo, procesos de galvanización, procesos de recubrimento con zinc, procesos de decapaxe, gravado, fosfatación, desengraxamento alcalino e anodización) (1))
120107*	Aceites minerais de mecanizado sen halóxenos (excepto as emulsións ou disolucións) (<u>Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos</u>)
120109*	<u>Emulsions e disolucións de mecanizado sen halóxenos (Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos)</u>
120112*	Ceras e graxas usadas (<u>Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos</u>)
120114*	Lodos de mecanizado que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos</u>)
120116*	Residuos de granallado ou chorreado que conteñen substancias perigosas (<u>Residuos do moldeado e tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos</u>)
120301*	Líquidos acuosos de limpeza (<u>Residuos dos procesos de desengraxamento con auga e vapor (excepto os do capítulo 11)</u>)
130110*	Aceites hidráulicos minerais non clorados (<u>Residuos de aceites hidráulicos</u>)
130111*	Aceites hidráulicos sintéticos (Residuos de aceites hidráulicos) (1)
130113*	Outros aceites hidráulicos (<u>Residuos de aceites hidráulicos</u>)
130204*	Aceites minerais clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes (<u>Residuos de aceites de motor, de transmisión mecánica e lubricantes</u>)
130205*	Aceites minerais non clorados de motor, de transmisión mecánica e lubricantes (<u>Residuos de aceites de motor, de transmisión mecánica e lubricantes</u>)
130206*	Aceites sintéticos de motor, de transmisión mecánica e lubricantes (<u>Residuos de aceites de motor, de transmisión mecánica e lubricantes</u>)
130208*	Outros aceites de motor, de transmisión mecánica e lubricantes (<u>Residuos de aceites de motor, de transmisión mecánica e lubricantes</u>)
130306*	Aceites minerais clorados de illamento e transmisión de calor distintos dos especificados no código 13 03 01 (<u>Residuos de aceites de illamento e transmisión de calor</u>)
130307*	Aceites minerais non clorados de illamento e transmisión de calor (<u>Residuos de aceites de illamento e transmisión de calor</u>)
130308*	Aceites sintéticos de illamento e transmisión de calor (<u>Residuos de aceites de illamento e transmisión de calor</u>)
130501*	Sólidos procedentes de desareadores e de separadores de auga/substancias aceitosas (<u>Restos de separadores de auga/substancias aceitosas</u>)
130502*	Lodos de separadores de auga/substancias aceitosas (<u>Restos de separadores de auga/substancias aceitosas</u>)
130507*	Auga aceitosa procedente de separadores de auga/substancias aceitosas (<u>Restos de separadores de auga/substancias aceitosas</u>)
